

CONCELLO DA LARACHA

SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O DÍA 25 DE XANEIRO DO ANO 2018

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello da Laracha, sendo as 13 horas e 30 minutos do día 25 de xaneiro do ano 2018, baixo a Presidencia do sr. Alcalde en funcións e coa asistencia dos sres. concelleiros que se relacionan, reúnese o Pleno da Corporación para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para este día.

PRESIDENTE

JOSÉ RAMÓN MARTÍNEZ BARBEITO (alcalde en funcións)

CONCELLEIROS

Grupo político municipal P.P.

RAMIRO BELLO RECOUSO

JOSÉ ALBERTO BLANCO VEIGA

CRISTINA VIEITES CALVO

ADELINA LISTE MONELOS

ANTONIO FRAGA BOLÓN

ANA BELÉN RODRÍGUEZ VILAS

PATRICIA MARÍA BELLO RECOUSO

ALBERTO FUENTES PREGO

Grupo político municipal B.N.G.

XOAN MANOEL SANDE MUÑIZ

CAROLINA CASTIÑEIRAS BRANDÓN

Grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE

ELADIO VERDÍA GARCÍA

Grupo político municipal Mixto

ANTONIO ANTELO AÑÓN

Excusan a súa asistencia:

JESÚS SOUTO PENA

MARÍA DEL ROCÍO LÓPEZ REY

JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA

JUAN CAAMAÑO REGUEIRA

Asiste como secretaria a da Corporación, Cristina Castro Fuentes, que da fe do acto.

Asiste a Interventora accidental Lucía Barreiro Angeriz

Antes do inicio da sesión celébrase un minuto de silencio en homenaxe ás vítimas de violencia de xénero

- 1- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS DE 22 DE DECEMBRO DE 2017 E DE 4 DE XANEIRO DE 2018**

Non habendo intervencións apróbanse as actas por unanimidade

- 2- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA**
Dase conta dos decretos de alcaldía sen intervencións

3 - PROPOSTA DE ALCALDÍA RELATIVA Á SINATURA DO CONVENIO TIPO PARA A ASUNCIÓN POLA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA DA CONVOCATORIA E DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS SELECTIVOS UNITARIOS PARA O ACCESO ÁS DIFERENTES CATEGORÍAS DOS CORPOS DE POLICÍA LOCAL E ÁS PRAZAS DE AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL OU ÁS PRAZAS DE VIXIANTES MUNICIPAIS

Cópiase a proposta que se lé pola Secretaria municipal:

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais ditaminou favorablemente a seguinte proposta de alcaldía:

PROPOSTA DE ACORDO

Vista a proposta de convenio denominado “Convenio tipo para a asunción pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de policía local e as prazas de auxiliares de policía local ou as prazas de vixiantes municipais”, e examinado o informe do Secretario da Corporación que consta no expediente, propono a adopción polo Pleno do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- *Delegar por parte do Concello da Laracha na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia as competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías do seu corpo de policía local e as prazas de auxiliares de policía local e as de vixiantes municipais, por todo o tempo de vixencia do presente convenio*

SEGUNDO.- *Facultar ao sr. Alcalde para a sinatura do presente “Convenio tipo para a asunción pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de policía local e as prazas de auxiliares de policía local ou as prazas de vixiantes municipais” e para todas as demais xestións necesarias para o seu desenvolvemento.*

Explica o alcalde en funcións que para as prazas de auxiliares este ano de forma excepcional farase o proceso selectivo por parte do concello.

Intervén o voceiro do Grupo Mixto e di que está a favor e que lle parece que así será mais transparente.

Intervén o voceiro do PSOE e di que está a favor e que ademais no Concello da Laracha estamos por debaixo da ratio.

Intervén o voceiro do BNG e di que vaise abster porque probablemente esto vbaí retrasar os procesos e él entende que esta cobertura é urxente .

Explica o alcalde en funcións que este convenio garante tamén a existencia dunha bolsa para cubrir as necesidades existentes.

Sométese a votación a proposta de alcaldía previamente ditaminada pola Comisión Informativa resultando aprobada por 11 votos a favor (9 do PP, 1 do Grupo Mixto e 1 do PSOE) e 2 abstencións do BNG

4 PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL POS+ 2018 DE 19 DE DECEMBRO DE 2017 POR ERROS

Explícase polo alcalde en funcións que tráese novamente a Pleno o expediente do POS 2018 debido a erros nas cuantías indicadas pola Excma. Deputación provincial.

Cópiase a proposta de alcaldía previamente ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa.

PROPOSTA DE ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL POS+ 2018

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2018”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2018”, “achega provincial 2017” e “préstamo provincial 2018”:

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de gastos correntes 2018	383.757,49€
Subtotal gasto corrente	383.757,49€

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2017 (Investimentos "financeiramente sostibles")		Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Grupo de programa	Deputación	Concello	Orzamento total
Afirmado e mellora da capa de rodadura nas parroquias de Cabovilaño, Coiro, Lemaio e Vilaño	454	181.231,22	0,00	181.231,22
Afirmado e mellora da capa de rodadura nas parroquias de Erboedo e Soandres	454	67.255,61	0,00	67.255,61
Afirmado e mellora da capa de rodadura nas parroquias de Golmar e Montemaior	454	97.050,34	0,01	97.050,35
Formación de beirarrúas na marxe dereita e pavimentación da Rúa A Panela no Lugar de A Botica (A Laracha)	454	30.979,61	0,00	30.979,61
Subtotal investimentos achega provincial 2017		376.516,78	0,01	376.516,79

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2018		Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración		Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
Melloras en pavimentación e sinalización viaria en Avenida de Bergantiños, Paiosaco, AC552 desde PK 18+D10 A 18+540		92.212,82	0,00	92.212,82
Melloras en pavimentación e sinalización viaria en Avenida de Fisterra, A Laracha, AC552 desde PK 20+540 A 21+540		67.699,43	0,00	67.699,43
Melloras de mantemento do camiño rural A Xesta Golmar		52.466,56	0,00	52.466,56
Melloras na pavimentación de Caión: 1- Avda. Méndez Núñez; 2- Coinfluencia Rúa Carrero Blanco con Rúa do Carme		63.187,56	0,00	63.187,56
Pavimentación da 3ª Travesía Dr. López Astray e camiños rurais en Ganduma		64.746,88	0,00	64.746,88
Subtotal investimentos préstamo provincial 2018		340.313,25	0,00	340.313,25

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2018 e que se relacionan nestas táboas.

G) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2017			
	Achega 2018			
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2018	383.757,49		383.757,49
C- INVESTIMENTOS	Achega 2018			
	Achega 2017	376.516,78	0.01	376.516,79

	Préstamo 2018	340.313,25		340.313,25
D- HONORARIOS REDACCIÓN	Achega 2018			
E- ACHEGAS MUNICIPAIS	Achega 2018			
	Achega 2017			
F- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2018			
TOTAL	Achega 2018	383.757,49		
	Achega 2017	376.516,78	0.01	376516.79
	Préstamo 2018	340.313,25		
	TOTAL	1.100.587,52	0.01	1100587,53

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2018 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos “financeiramente sostibles” (mínimo do 20% do total das achegas e préstamo provincial asignado)	Grupo de programa	Orzamento
Pavimentación e mellora de camiños rurais nas parroquias de Erboedo, Lemaio, Torás e Vilaño	454	154.212,59
Beirarrúas en 2ª e 3ª Travesía Eusebio Bértoa Queijo	454	159.664,44
TOTAIS		313.877,03

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2018 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2018, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Non habendo intervencións, sométese a votación resultando aprobada por unanimidade dos membros presentes.

5 DACIÓN DE CONTA DO PERÍODO LEGAL DE PAGO E DO PERÍODO MEDIO DE PAGO DENTRO DO CUARTO TRMESTRE DE 2017

Dase conta por parte do alcalde en funcións do período medio de pago dentro do cuarto trimestre de 2017

6- MOCIÓNS DE URXENCIA

6.1. Moción de urxencia presentada polo PSOE o día 23 de xaneiro de 2018 co nº 320.

(...) O Grupo Municipal Socialista do Concello de A LARACHA presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal a seguinte MOCIÓN instando o Goberno de España a:

1º.- Volver ao consenso de 2011 derogando todos os cambios legais introducidos ao longo da lexislatura 2011-2015: a regulación da xubilación anticipada do RDL 5/2013 e, de forma íntegra, a Lei 23/2013, reguladora do Factor de Sustentabilidade e do Índice de Revalorización do Sistema de Pensións da Seguridade Social.

2º.- Garantir o poder adquisitivo das pensións, recuperando a actualización das mesmas conforme ao IPC.

3º.- Eliminar o factor de sustentabilidade establecido polo PP na Lei 23/2013, que reducirá as pensións de xubilación en función da esperanza de vida da cohorte correspondente a partir do 1 de xaneiro de 2019.

4º.- Racionalizar os gastos do sistema, desprazando aos Orzamentos Xerais do Estado 2018 aqueles que non corresponden a prestacións, como os seguintes gastos entre outros:

- o a, As medidas de fomento do emprego (reducións de cotas, tarifas planas, etc.). Se se considera necesario manter alguntra debería ser pola vía de bonificacións e a cargo do PGE.
- o b. Os gastos de xestión das Entidades Administrativas da Seguridade Social, do mesmo xeito que se fai co resto de organismos públicos.

5º.- Incrementar os ingresos do sistema:

- o Complementando o financiamento da Seguridade Social, entre outras medidas, con ingresos procedentes de impostos destinados anualmente a completar os ingresos por cotizacións ata que estes vólvanse a equilibrar dentro do sistema, por exemplo novos impostos extraordinarios á banca e ás transaccións financeiras. Pensamos que se toda a sociedade española contribuíu ao rescate das entidades financeiras, este imposto ha de servir para contribuír ao rescate do sistema público de pensións
- o Intensificando a loita contra o emprego irregular e ó fraude á Seguridade Social,

6º.- Mellorar a natureza protectora do sistema modernizando a xestión do Fondo de Reserva, a través dunha mellora da súa regulación, recuperando o establecemento de límites á disposición de fondos con carácter anual.

7º.- Adoptar medidas específicas para ir eliminando progresivamente a brecha próxima ao 40% existente entre a contía das pensións dos homes e das mulleres (déficit de xénero):

- o Reprobación dunha Lei de Igualdade Laboral co fin de eliminar a brecha salarial, e por tanto de cotizacións que acaba derivando en pensións máis baixas.
- o Recuperar a iniciativa lexislativa socialista, incluída na Lei 27/2011 de incrementar a pensión de viuvez para maiores de 65 anos que non reciban outra pensión pública ata alcanzar o 60% da base reguladora, medida que afecta de maneira maioritaria ás mulleres.

8º.- Introducir no Pacto de Toledo, un novo principio de reequilibrio orzamentario", un concepto que implica unha procura constante de racionalización de gastos e de axuste de ingresos cada ano, e que terá efectos no medio prazo e ata finais dos anos 40 do século XXI.

Contéstalle o alcalde en funcións:

Sobre o déficit do sistema de pensións. Non é certo que o actual déficit se xerese polas medidas adoptadas polo goberno actual. Co goberno socialista a Seguridade Social perdeu máis de tres millóns de afiliados. Loxicamente esta circunstancia produciu o afundimento dos ingresos próximo aos 15.000 millóns de euros.

Os datos, desde a chegada do Goberno do Partido Popular, supoñen unha mellora de todos os indicadores en materia de emprego, afiliación, número e contía de prestacións, incremento de ingresos do Sistema e crecemento e control do gasto.

Sobre o poder adquisitivo das pensións. Mantelo é o obxectivo fundamental e prioritario. Iso debe lograrse de forma compatible co obxectivo de sustentabilidade financeira do propio sistema da Seguridade Social e das posibilidades económicas de España.

O Goberno do Partido Socialista incumprira a lexislación sobre a revalorización de pensións vixente no seu momento e provocou a maior perda de poder adquisitivo dos pensionistas na historia recente.

O Goberno do PP modificou o instrumento de revalorización en liña coas recomendacións do Pacto de Toledo e as orientacións comunitarias e mantivo o poder adquisitivo das pensións se o comparamos coa evolución media anual do IPC.

Sobre o fondo de reserva da Seguridade Social. Foi creado polo goberno do Partido Popular nos orzamentos do Estado para o ano 2000 co obxectivo de constituír reservas que permitisen atenuar os efectos dos ciclos económicos baixos e garantir o equilibrio financeiro do sistema de pensións, en cumprimento da recomendación do Pacto de Toledo. É dicir, foi deseñado para que en situacións de crises se puidese manter os niveis de cobertura sen recorrer a incrementos de cotizacións.

O Goberno do Partido Popular utilizou o Fondo de Reserva para preservar os dereitos dos pensionistas nos termos e condicións previstos pola lei para garantir o pago puntual e preciso das pensións contributivas.

Sobre as solucións para combater o déficit do sistema: O Partido Socialista propón o incremento dos ingresos a base de novos impostos. A solución financeira que está a adoptar o Goberno do Partido Popular baséase no incremento do emprego que provoca o aumento da afiliación e, por tanto, na recadación.

Doutra banda, o recurso utilizado polo Goberno do Partido Popular de acudir ao préstamo á Seguridade Social é a mellor solución na situación actual, á espera dun acordo dos grandes partidos respecto do financiamento do déficit da Seguridade Social.

Sobre o diálogo social. *O Goberno de Partido Popular propiciouno en todo momento. Para o PP é a pedra angular da Seguridade Social e do futuro das pensións porque lexitima as decisións e cambios legislativos que se tomaron no pasado e se tomarán no futuro froito do consenso que se acorde na Comisión Permanente do Pacto de Toledo.*

Sobre o cálculo das pensións. *Co obxectivo de reforzar a equidade do sistema, o Partido Popular propón que aqueles traballadores que máis contribuíron ao sistema e que se xubilen á idade ordinaria poidan elixir voluntariamente o modo de cálculo actualmente vixente por lei ou a alternativa dunha nova fórmula que contemple toda a súa vida laboral se con iso vise mellorada a contía da súa pensión.*

Sométese a votación a urxencia da moción resultando rexeitada por 4 votos a favor (2 do BNG + 1 PSOE +1 Grupo Mixto) e 9 en contra (do PP)

6.2. Moción de urxencia presentada polo BNG o día 22 de xaneiro de 2018 co nº 292

As mozas e mozos do concello da Laracha continúan sen ter a posibilidade de estudar un Ciclo Formativo de FP no noso termo municipal, ao carecer o Instituto Agra de Leborís dunha oferta formativa de Formación Profesional (nin de grao superior nin de grao medio). Un concello coma o noso, cunha poboación superior a 11.000 habitantes non conta cun centro no que se impartan estudos de FP, oferta educativa coa que si contan concellos con bastante menos poboación coma os de Arzúa, Çee, Curtis ou Ponteceso (por poñer só algúns exemplos).

Para o BNG a implantación dunha Formación Profesional adaptada á demanda laboral do entomo debera ser un obxecivo prioritario de calquera goberno municipal que pretenda traballar para que a mocidade do seu concello teña posibilidades de emprego sen ter que emigrar. Pensamos que rion se pode renunciar a esta demanda, que non é de recibo que o IES Agra de Leborís non conte con ensinanzas de Formación Profesional, e non so iso e que tampouco se imparten todas as modalidades de Bachelato.

E por isto que desde o Grupo Municipal do BNG solicitamos da Gorporación Municipal en Pleno a adopción do seguinte AGORDO:

Instar á Xunta de Galiza a completar a oferta educativa do IES Agra de Leborís, impartindo todas as modalidades de Bacharelato e implantando Ciclos Formativos de FB tanto de Grao Medio como de Grao Superior.

Contéstalle o alcalde en funcións:

Non aprobamos a urxencia da moción porque a implantación dos ciclos formativos na Laracha é unha cuestión na que o Concello xa está traballando coa Xunta de Galicia.

Tendo en conta a situación actual do parque empresarial da Laracha, co nivel de implantación de empresas, a actividade que vai acoller e os postos de traballo que xerará nun futuro a curto prazo, o Concello xa está en contacto coa Xunta de Galicia para a realización do estudo socioeconómico do entorno e para determinar que infraestruturas son necesarias para o desenvolvemento dos ciclos formativos. Dependendo do tipo de ciclo que se imparta, as instalacións do IES Agra de Leborís poderían non ser aptas para acollelos.

Nós consideramos que o procedemento formativo debería realizarse por completo sen saír do municipio. Non obstante, a situación actual é que a maioría das empresas do polígono industrial da Laracha aínda están en fase de implantación e, por tanto, a día de hoxe non poderían acoller as prácticas dos alumnos dos ciclos formativos nin ofrecer postos de traballo de xeito inmediato.

Por iso o procedemento para a implantación dos ciclos formativos debe ir acorde ao desenvolvemento industrial do parque empresarial. Así o entendemos no Concello da Laracha e así foi trasladado á Xunta de Galicia.

Sométese a votación a urxencia da moción resultando rexeitada por 4 votos a favor (2 do BNG + 1 PSOE +1 Grupo Mixto) e 9 en contra (do PP)

3º.- Moción de urxencia presentada polo PP o día 22 de xaneiro de 2018

A Lei Orgánica 1/2015, de 30 de marzo, pola que se modifica a Lei Orgánica 10/1995, de 23 de novembro, do Código Penal, que entrou en vigor o 1 de xullo de 2015, introduciu na nosa lexislación a prisión permanente revisable. Trátase dun instrumento que existe en moitos países da nosa contorna e en gobernos de todo tipo de corte político. É unha institución coherente que se incorpora ben ó noso modelo de garantías e ten perfecto encaixe penal.

A prisión permanente revisable, como se sinala claramente na exposición de motivos desta Lei, non renuncia á reinserción do penado, pois unha vez cumprida unha parte mínima da condena "un Tribunal deberá valorar novamente as circunstancias do penado e do delito cometido e poderá revisar a súa situación persoal".

A previsión desta revisión xudicial periódica da situación persoal do penado, idónea para poder verificar en cada caso o necesario prognóstico favorable de reinserción social, di a exposición de motivos, "afasta toda dúbida de inhumanidade desta pena ó garantir un horizonte de liberdade para o condenado". Unha vez cumprido o tempo mínimo da pena, "se o Tribunal considera que non concorren os requisitos necesarios para que o penado poida recuperar a liberdade, fíxase un prazo para levar a cabo unha nova revisión da súa situación. E, se polo contrario, o Tribunal valora que cumpre os requisitos necesarios para quedar en liberdade, establece un prazo de liberdade condicional no que se imporán condicións e medidas de control orientadas tanto a garantir a seguridade da sociedade como a asistir ó penado nesta fase final da súa reinserción social".

Engade a exposición de motivos que "a pena de prisión permanente revisable non constitúe, por iso, unha sorte de «pena definitiva» na que o Estado se desentende do penado. Ó contrario, trátase dunha institución que compatibiliza a existencia dunha resposta penal axustada á gravidade da culpabilidade coa finalidade de reeducación á que debe ser orientada a execución das penas de prisión".

Igualmente sinala que "se trata, en realidade, dun modelo estendido no Dereito Comparado Europeo que o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos considerou axustado á Convención Europea de Dereitos Humanos, pois declarou que cando a lei nacional ofrece a posibilidade de revisión da condena de duración indeterminada con vistas á súa conmutación, remisión, terminación ou liberdade condicional do penado, isto é suficiente para dar satisfacción ó artigo 3 do Convenio (cfr. SSTEDH 12-2-2008, caso Kafkaris vs. Chipre; 3-11-2009, caso Meixner vs. Alemaña; 13-11-2014, caso Affaire Bodein vs. Francia; 3-2-2015, caso Hutchinson vs. Reino Unido)".

Pese a todo iso, varios grupos parlamentarios presentaron un recurso de inconstitucionalidade que o Tribunal Constitucional admitiu a trámite en xullo de 2015. A admisión a trámite non supón pronunciamento algún sobre o fondo do asunto, se ben algúns pretenden a derogación desta medida sen esperar o pronunciamento do Tribunal Constitucional.

Así, o 4 de outubro de 2016 o Pleno do Congreso dos Deputados debateu e aprobou por maioría dos Grupos Parlamentarios Vasco (EAJ-PNV), Socialista, Esquerra Republicana, Confederal de Unidos Podemos-En Comú Podem-En Marea, grupo Mixto e a abstención de Ciudadanos, e só co voto en contra do Grupo Parlamentario Popular, a proposición non de Lei para a derogación da pena de prisión permanente revisable.

E máis recentemente, o pasado 10 de novembro, foi admitida a trámite unha proposición de lei de Modificación da Lei Orgánica 10/1995 do Código Penal, que pretende derogar a prisión permanente revisable e que contou co único voto en contra do Grupo Popular.

Tras estes feitos e actuacións son multitude os cidadáns que manifestaron o seu apoio á pena de prisión permanente revisable como medio para garantir a seguridade, os dereitos e liberdades de todos os españois.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular no concello da Laracha eleva ó Pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS

PRIMEIRO.- O concello da Laracha apoia a figura da prisión permanente revisable incorporada ó ordenamento xurídico español pola Lei Orgánica 1/2015, de 30 de marzo, pola que se modifica a Lei Orgánica 10/1995, de 23 de novembro, do Código Penal.

SEGUNDO.- Instar ós diferentes grupos parlamentarios con representación no Congreso dos Deputados a que reconsideren a súa postura sobre a derogación da prisión permanente revisable.

TERCERO.- Dar traslado destes acordos ó Ministro de Justicia, ós grupos políticos do Congreso, Senado y do Parlamento da Xunta de Galicia, así como á Xunta de Goberno da Federación Española de Municipios y Provincias.

Intervén o concelleiro Eladio Verdía voceiro do PSOE e di que non se pode actuar por impulsos sociais. Di que habería que esperar a que se pronuncie o TC sobre si é ou non inconstitucional a prisión permanente revisable.

Argumenta o voceiro do BNG Xoán Sande no mesmo sentido

Sométese a votación a urxencia da moción resultando aprobada por 9 votos a favor (do PP) e 4 en contra (2 do BNG, 1 do PSOE e 1 do Grupo Mixto)

Sométese a votación o fondo da moción resultando aprobada 9 votos a favor (do PP) e 4 en contra (2 do BNG, 1 do PSOE e 1 do Grupo Mixto)

7 - ROGOS E PREGUNTAS

Non hai

Non habendo mais asuntos dase por rematada a sesión sendo as 14:00h